



XUNTA
DE GALICIA



INFORME DE DIAGNOSE 2021

INTRODUCCIÓN

A mellora continua da convivencia escolar é unha liña prioritaria de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no convencemento de que non hai calidade educativa sen unha axeitada atención ao clima escolar e ao coidado do benestar emocional de toda a comunidade educativa.

A publicación no ano 2011 da Lei de convivencia e participación da comunidade educativa supuxo o inicio e o soporte necesario para o deseño e desenvolvemento de actuacións e programas de impulso da convivencia nos centros educativos de Galicia.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve dita lei, afonda na consecución dun clima escolar positivo e dá lugar á creación, neste mesmo ano, do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa ao redor do cal se organizan, de xeito coordinado e conxunto, as actuacións no ámbito da convivencia escolar.

Neste contexto a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020, supuxo un gran paso no proceso de mellora e no senso dun seguimento continuado da

situación da convivencia escolar, pola que a administración educativa galega levou a cabo a aplicación dunha primeira macroenquisa de convivencia no ano 2015 e dunha segunda no ano 2019.

Resultado deste importante percorrido e das circunstancias derivadas da pandemia sanitaria, que levan á necesidade dunha maior atención ao benestar emocional, durante o terceiro trimestre do curso 2020-2021 desenvólvese unha terceira macroenquisa que permite realizar unha diagnose da realidade educativa en materia de convivencia escolar e servir de base para a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2021-2025.

Esta nova estratexia constituirá a folla de ruta para o desenvolvemento de accións globais que teñen como obxectivo que cada alumna e cada alumno, en cada centro educativo galego e en todas as etapas educativas, sexa quen de desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades nun clima de cooperación, respecto e tolerancia.

O Informe de Diagnose da Convivencia 2021 recolle os datos obtidos da macroenquisa de convivencia aplicada nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta diagnose realizarase a partir deste ano con carácter bianual.

DA APLICACIÓN DO CUESTIONARIO E RECOLLIDA DE DATOS

- ✓ A macroenquisa de Diagnose da Convivencia 2021, ao igual que nas edicións anteriores (2015, 2019), estivo dirixida ao conxunto da comunidade educativa galega (profesorado, alumnado a partir de 5º de primaria, persoal non docente e familias).
- ✓ Os cuestionarios, que constaron de preguntas sinxelas e directas, foron postos á disposición da comunidade educativa a través dunha aplicación informática. As persoas encargadas das direccións dos centros educativos xeraron as claves de acceso para todos os membros da súa comunidade educativa, de xeito totalmente aleatorio, garantindo o anonimato das persoas participantes. Así, as persoas destinatarias puideron acceder ao cuestionario -coas claves asignadas- a través de calquera dispositivo electrónico (ordenadores, móbiles, tabletas...).
- ✓ Coa macroenquisa de convivencia obtívose unha importante información da situación xeral a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, así como un informe individualizado da realidade de cada centro educativo participante. A maiores, incorpórarse por primeira vez información dos resultados por etapas educativas e datos desagregados por sexos, en aras de ter máis información para acadar a tolerancia cero.
- ✓ Para manter a súa fiabilidade, validez, consistencia interna e a trazabilidade dos resultados conservouse o grosor das preguntas da primeira e segunda edición, deseñadas en función do colectivo ao que ían dirixidas.
- ✓ Unha vez concluído o proceso, cada centro docente obterá os seus resultados debidamente organizados, de tal xeito que despois da súa valoración poidan ser utilizados para a mellora dos seus plans de convivencia.



99%

NIVEL DE CONFIANZA

A análise global realizada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o punto de partida para a toma de decisións naqueles aspectos susceptibles de mellora, e así favorecer a convivencia positiva dentro do marco dunha escola inclusiva.


PARTICIPACIÓN NA MACROENQUISA

Todos os colectivos incrementan a súa participación na enquisa de convivencia escolar respecto das edicións anteriores.

Destaca de xeito significativo a **participación das familias** que aumenta 30,8 puntos con respecto á edición de 2015 e 33,4 puntos respecto a de 2019.



Tamén é destacable o incremento que se produce na taxa de resposta do persoal non docente, 19,6 puntos sobre 2015 e 15,5 puntos sobre a 2019, e do profesorado, 15,3 puntos sobre 2015 e 2019. A participación do alumnado aumenta sobre todo no caso das ensinanzas postobrigatorias.



Cubríronse un total de **218.598** cuestionarios
e procesáronse **21.785.438** de datos.

PERCEPCIÓN SOBRE A EVOLUCIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

É no colectivo de **familias** onde se amosa unha mellora significativa, cun aumento de 13,3 puntos con respecto aos resultados obtidos no 2015.


No que respecta ao **alumnado**, son os que cursan estudos de bacharelato os que teñen unha percepción máis favorable da melloría da convivencia. Por sexos a porcentaxe é maior nos alumnos (61,5 %) que nas alumnas (59,4%).

No **profesorado**, a porcentaxe más alta da percepción de mellora corresponde ao profesorado de educación infantil e primaria.

No ano 2021 **preto do 60% das persoas participantes** consideran que a convivencia escolar mellorou (moito ou lixeiramente) **fronte ao 14% que considera un empeoramento** (ligeiro ou alarmante).

A porcentaxe de **percepción de empeoramento redúcese** respecto das enquisas anteriores.

Percepción da evolución da convivencia no centro.
Comparativa 2015-2019-2021



PARTICIPACIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS


As dinámicas e as relacións existentes entre o alumnado **son moi positivas**.

- O **73,6%** opina que *lle cae ben a outros/as estudantes*.
- O **69,3%** aprende colaborando cos seus/súas compañeiros/as.
- O **68,8%** do alumnado se axuda aínda que non sexan amigos/as.

Preto do **60%** do alumnado afirma que **expresa a súa opinión** con respecto ás decisións que se toman no centro e na aula.



A porcentaxe é maior no caso dos alumnos (65,5%) e menor nas alumnas (46,1%). Se ben, son estas últimas as que máis manifestan a súa opinión en presenza do docente e alumnado, mentres que os alumnos prefieren comunicarla directamente ao profesorado.

ALUMNADO
Sobre as decisións que se toman na clase e no centro




PARTICIPACIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS

O **85,1%** das familias considera que fai un seguimento continuado e amosa interese polos estudos dos/das seus/súas fillos/as.



En termos xerais, destaca positivamente a relación das familias cos seus fillos e fillas.



PARTICIPACIÓN EDUCATIVA DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS

Case 50% do equipo docente percibe que as familias están involucradas nos estudos dos seus fillos/as, amosando interese de modo continuado e escoitando ao profesorado para chegar a acordos (porén o 80% das familias consideran que participan na vida do centro).

Os problemas de comunicación coas familias son residuais; só un 2% non acoden ao centro cando se lles convoca e só un 3% non escoitan o profesorado.



ASPECTOS POSITIVOS PARA A CONVIVENCIA

Máis do 80% do alumnado amosa respectar as indicacións do profesorado e adoptar comportamentos positivos, como o cumprimento das normas de convivencia, atender ás explicacións, realizar as tarefas, axudar aos compañeiros/as, etc.



Móstranse condutas potencialmente positivas para a convivencia escolar.

ALUMNADO DE ENSINANZAS OBRIGATORIAS

- ✓ Atender ás súas explicacións.
- ✓ Facer as tarefas encomendadas.

Tende en maior medida a cumplir as normas de convivencia (80,1%) e aquelas cuestións referentes ao respecto ao profesorado (81%).

ALUMNAS

- ✓ Axudalos/as nas tarefas.
- ✓ Opoñerse a tratos negativos a outros/as.

Máis proclives a comportamentos positivos, destacando especialmente naqueles que involucran a outros/as compañeiros/as (81,5%) e a tratos negativos cara a outros/as (64%).

ASPECTOS POSITIVOS PARA A CONVIVENCIA

ALUMNADO DE ENSINANZAS POSTOBRIGATORIAS:

- Altas expectativas do alumnado e das familias respecto ao rendemento escolar.

+73% declaran acadar resultados académicos de ben ou más.

- Motivación e intereses académicos e profesionais repartidos de xeito equitativo entre grao universitario e formación profesional.

En contraste coas familias que amosan unha preferencia estendida a estudos universitarios.

O nivel de satisfacción do alumnado é moi alto

Máis do 80% do alumnado de ensinanzas obrigatorias ten máis de tres amigos/amigas e a maioría ten más de sete, no centro.

A maioría do alumnado de ensinanzas **postobrigatorias** di ter sete ou más amigos/as no centro e preto do 80% ten máis de tres.

É más habitual ter amigos dentro da clase que fóra, tanto no alumnado de ensinanzas postobrigatorias como en obrigatorias.

COIDADO DOS MATERIAIS E AS INSTALACIÓNS


O 91% do profesorado e o 85% do PAS opina que o centro e as instalacións están bastante ou moi coidadas.

A percepión mellora con respecto ás edicións anteriores en todos os colectivos, só as familias sofren un lixeiro descenso.

A percepión da comunidade educativa é moi alta respecto ao coidado dos materiais e instalacións do centro.

INSTALACIÓNS

As instalacións e o centro están bastante ou moi coidadas



COIDADO DOS MATERIAIS E AS INSTALACIÓNS


PROBLEMAS RELACIONADOS CO MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS

- Os colectivos do profesorado e PAS coinciden que as condutas que máis se repiten son: tirar o lixo ao chan, facer pintadas e romper materiais do centro e da clase.
- Para o alumnado os problemas más frecuentes son: non respectar o material de cada quen/centro (19,6%), fanse pintadas (19,1%) e tirar lixo ao chan (17,5%)
- A percepción é máis favorable** que en edicións anteriores en todos os colectivos.

PROFESORADO
Problemas relacionados co mantemento das instalacións



PAS
Problemas relacionados co mantemento das instalacións




IGUALDADE E INCLUSIÓN

Os datos amosan unha **percepción positiva**, pois todas as variables respecto da igualdade e da inclusión nos centros son valoradas coas puntuacións máis altas: "bastantes veces" e "moitas veces":

- ✓ + do 75% son receptivos á variedade de identidade de xénero.
- ✓ + do 90% considera que todo o mundo é benvido no centro.
- ✓ + do 80% manifesta que o centro promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

TOLERANCIA CERO
Rexéitanse todas as formas de discriminación no centro




PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA

O 90% dos colectivos consultados opinan que non existen problemas de convivencia no centro ou que estes ocorren de xeito puntual.

Estas porcentaxes melloran respecto das enquisas anteriores (80% no 2015).


Percepción da existencia de problemas de convivencia no centro



* Os resultados do alumnado non poden ser comparados co resto de colectivos debido a que no relativo a este ítem o cuestionario é diferente

PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA

Prodúcese un descenso das conductas negativas no alumnado, tanto de ensinanzas obligatorias como postobrigatorias, comparado coa edición do 2019.



ACOSO OU CIBERACOSO

A situación de acoso escolar/ciberacoso e o uso das TIC como medio de ameaza ou insulto, é percibida en maior medida polo alumnado de etapas obligatorias e redúcese no alumnado de etapas postobrigatorias.

Principais conflitos de convivencia no centro

Alumnado ensinanzas obligatorias Alumnado ensinanzas postobrigatorias

Chegar tarde á clase	26,4%	40,3%
Faltar á clase sen causa xustificada	18,6%	36,2%
Non deixar dar clase	33,6%	24,7%
Consumir drogas (alcohol, tabaco)	11,8%	24,5%
Poñer alcumes ou rirse doutro/a	24,5%	21,8%
Dicir mentiras sobre alguén	24,8%	20,7%
Agradir verbalmente	32,6%	19,3%
Negarse a facer as tarefas	16,6%	17,2%
Non ter en conta a algúñha compañeiro/a e excluílo/a	17,4%	17,0%
Non cumplir as normas de convivencia do centro	0%	15,1%
Entrar e saír da clase sen permiso	10,3%	15,0%
Desobedecer ó profesorado	17,6%	14,1%
Ameazar ou insultar	21,7%	13,6%
Falta de aseo e limpeza persoais	19,2%	11,5%
Dicir mentiras/rumores utilizando o ordenador ou o móvil	13,4%	11,2%
Provocar, ridiculizar ou insultar ao profesorado	10,0%	9,1%
Obrigar a facer cousas que outros/as non queren	8,3%	9,1%
Observar actos vandálicos con danos no centro	0%	8,6%
Roubar diñeiro ou material	8,9%	8,1%
Ameazar ou insultar utilizando as TIC	9,3%	7,0%
Acosar ou ciberacosoar (ordenador ou móvil)	9,3%	5,4%
Agradir fisicamente	11,6%	4,6%

ESPAZOS E MOMENTOS ONDE SE PRODUCEN OS CONFLITOS

Con respecto á edición anterior, rexístrase unha redución xeneralizada dos conflitos en todos os espazos.

É **no recreo** onde se producen a maioría dos conflitos, seguido dos arredores do centro.

O incremento do uso das **redes sociais** nos últimos anos, reflíctese na maior porcentaxe de percepción no conxunto do alumnado como momento no que se producen os conflitos.

Momentos en que se producen os conflitos



CONDUTAS NEGATIVAS CARA AOS/ÁS COMPAÑEIROS/AS

PREXUDICADO/A

O 70% (do total do alumnado) recoñece **non padecer condutas negativas** fronte ao **20,8% de media** que declara ser vítima dalgunha conduta contraria á convivencia. Esta porcentaxe é, no caso do alumnado de postobrigatoria do 13% e no de obrigatoria é do 22,6%.

Non padeceu condutas negativas



Só o **8,1% das familias** consideran que os seus fillos/as foron vítimas de conductas negativas.

FAMILIAS

Comportamentos negativos más habituais percibidos polas familias



CONDUTAS NEGATIVAS CARA AOS/ÁS COMPAÑEIROS/AS

INFRACTOR/A

Máis do **80%** (do total do alumnado), declara **non manter condutas negativas** fronte arredor do **9%** de media que declara ter cometido alguma conduta contraria á convivencia. No caso do alumnado de postobrigatoria a porcentaxe é do 5,4% e no de obrigatoria é do 10,6%.


Non mantivo condutas negativas



Só o 0,3% das **familias** recoñece os seus fillos/as como presuntos/as agresores/as.

Só o 1,7% como infractor/a e vítima.

Tipos de condutas negativas más habituais



RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

A resolución pacífica dos conflitos constitúe un factor de calidad na educación sendo un aspecto moi relevante na mellora da convivencia escolar.

Así, para o **alumnado** e o **profesorado**, as formas más habituais de resolución de conflitos baséanse no diálogo.

As **familias** afrontan a resolución dos conflitos acudindo ao profesorado ou falando co/coa seu/súa fillo/a.

FAMILIAR

Formas de resolver os conflitos



ALUMNADO

Formas de resolver os conflitos



PROFESORADO

Formas de resolver os conflitos



CUESTIONARIO PICTOGRÁFICO

No camiño cara a un **sistema educativo cada vez máis inclusivo**, e en consonancia cos **principios de equidade e accesibilidade universal**, a enquisa de diagnose da convivencia 2021 inclúe un cuestionario pictográfico para facilitar a participación de todo o alumnado.

As condutas negativas prodúcense en **situacións moi concretas e a porcentaxe é residual**. Sobre todo no que respecta aos comportamentos cara aos demais.

Detéctase unha **diminución destas condutas** en relación a edicións anteriores da enquisa.

O alumnado síntese no centro:


+90% FELIZ OU MOI FELIZ

-6% ABURRIDO/A

Condutas negativas que realiza. Comparativa 2015-2021



Condutas negativas que padece. Comparativa 2015-2021



SATISFACCIÓN DO CENTRO

A satisfacción co centro educativo é moi elevada.

- ✓ A totalidade dos colectivos manifestan amplamente o seu agrado, sendo o persoal do centro (**profesorado e PAS**) os que o fan en maior medida.
- ✓ A evolución da satisfacción tende a incrementarse en todos os colectivos en relación aos resultados do 2019.
- ✓ A satisfacción das familias co centro experimenta unha mellora continuada pasando do 81% na enquisa de 2015 a un 86,5% no 2021.

Satisfacción co centro





XUNTA
DE GALICIA

